AUDITORIO DE GALICIA

PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS

Santiago de Compostela

# REXISTRO DE ENTRADA

# MANUAL PARA OS USUARIOS

Índice


1 Presentación ..... 3

2 Rexistro de entrada ..... 3

2.1 Inicio ..... 3

2.2 Rexistro electrónico ..... 3

2.2.1 Nova entrada ..... 5

2.2.2 Os meus rexistros ..... 8

2.2.3 Comprobar documentos ..... 9

2.3 Identificación da oficina ..... 10

2.4 Normativa ..... 10

2.5 Calendario oficial ..... 10

# 1 Presentación

A Oficina Virtual do Auditorio de Galicia permite realizar os trámites administrativos dende Internet que requiran identificación por parte do cidadán ou da administración. Desta maneira, o Auditorio de Galicia cumple coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

# 2 Rexistro de entrada

O acceso á Oficina Virtual se realiza a través da web: http://ofv.auditoriodegalicia.org.

## 2.1 Inicio

Páxina inicial onde se mostran todas as opcións dispoñibles.




Ilustración 1. Páxina inicial

## 2.2 Rexistro electrónico

Sección para realizar o rexistro de entrada electrónico.




**Ilustración 2. Sección Rexistro Electrónico**

Para identificarse mediante certificados electrónicos débese premer en 'Acceder ao rexistro electrónico':




**Ilustración 3. Enlace para acceder ao Rexistro Electrónico**

A continuación se mostrarán os certificados electrónicos do ordenador, para que se seleccione aquel que se quere empregar para identificarse:




Unha vez identificados, podemos crear un novo rexistro de entrada, consultar rexistros anteriores e comprobar documentos.




Ilustración 4. Opcións do rexistro de entrada

### 2.2.1 Nova entrada

Para realizar unha nova entrada, a plataforma completará automaticamente o NIF e o nome do Solicitante cos datos do certificado electrónico, e o solicitante deberá indicar o resto dos campos.

Poderá engadir 1 ou máis ficheiros ao rexistro de entrada, que constarán tamén no rexistro.

Unha vez terminado de introducir a información, deberá premer en Asinar, para asinar electrónica o rexistro de entrada.




**Ilustración 5. Pantalla para a creación dun novo rexistro de entrada**

Cando se preme en 'Asinar', volveranse a mostrar os certificados do ordenador, entón o solicitante debe seleccionar un e asinar o rexistro de entrada.

A continuación indicarase que se vai facer unha sinatura e pedirase confirmación.




Ilustración 6. Confirmación para asinar

Unha vez realizado rexistro de entrada veremos unha pantalla co Xustificante do rexistro de entrada.




Ilustración 7. Confirmación do rexistro de entrada

Pinchando en descargar poderemos baixar o xustificante en PDF. Non é preciso descargalo porque quedará almacenado na web, pero é posible descargar o PDF asinado en calquera momento.



AUDITORIO DE GALICIA

AUDITORIO DE GALICIA
08 JUN 2011 17:29
Reg. Nº 39
ENTRADA

Xustificante de entrada

O Auditorio de Galicia recibiu no seu rexistro de entrada por parte de **MÉNDEZ FERREIRO, BRAIS (FIRMA)** con NIF / NIE 32876474H el día 08/06/2011 17:29:59 a seguinte información de solicitude de rexistro.

| Información da solicitude | |
|---|---|
| NIF | 32675474H |
| Nombre | BRAIS MÉNDEZ FERREIRO |
| Dirección | Luis Pita, 1 |
| Población | A Coruña |
| Provincia | A Coruña |
| Código Postal | 15009 |
| Expón | Solicitude de admisión |

Os seguinte arquivos están adxuntos á solicitude:

| Arquivos incluidos na solicitude |
|---|
| Contrato.pdf (10569 bytes) **Pegada dixital:**Uo/swKV4bXhkAG96MhRtItaYwmU= |
| Destinia-3 IVAs.pdf (11755 bytes) **Pegada dixital:**W1Vp9hDfuQ4GZAU77yodof9aJ50= |

Documento firmado electronicamente

Fecha: 08/06/2011 17:30:08
Firmado por: Auditorio de Galicia

Página 1 de 1

A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o Código de Validación Electrónica vgYJN0Z1ABxtWInTyHvkXJWwl3Q%3D en http://www.auditoriodegalicia.org

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 552 290
Fax. 981 574 250

**Ilustración 8. Xustificante en PDF do rexistro de entrada**

O PDF do rexistro de entrada estará asinado dixitalmente polo Auditorio de Galicia, e terá un selo de tempo recoñecido, que acredita o momento do rexistro.

### 2.2.2 Os meus rexistros

Mostrarase un listado cos rexistros de entrada realizados.




#### 2.2.2.1 Estados dos rexistros

Os rexistros poden estar nos seguintes estados:

- En rexistro: estado inicial segundo se fai un rexistro.
- Asinado a un departamento: ao recibir un rexistro pode asignarse a un departamento, no que será tratado o rexistro.
- Cerrado: estado final dun rexistro. Pode pasarse directamente do estado en rexistro ao estado Cerrado.

### 2.2.3 Comprobar documentos

Os xustificantes conteñen un Código de Validación Electrónica para a comprobación do xustificante. Isto emprégase para o cotexo do xustificante cando se imprime.

Para elo, debemos introducir o código nesta sección.




Ilustración 9. Sección para a comprobación electrónica do rexistro

Unha vez introducido o Código de Validación Electrónica, recuperarase o documento orixinal.

A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o Código de Validación Electrónica **vgYJN0Z1ABxtWInTyHvkXJWwI3Q%3D** en http://www.auditoriodegalicia.org

Ilustración 10. Exemplo do Código de Validación Electrónico

## 2.3 Identificación da oficina

Información relativa a que a oficina pertence ao Auditorio de Galicia.

## 2.4 Normativa

Normativa relacionada coa Oficina Virtual do Auditorio de Galicia.

## 2.5 Calendario oficial

Calendario oficial que respeta o Auditorio de Galicia de cara ao cómputo de plazos administrativos.